



## **Pilar Rojo: “Sen educación non hai futuro posible”**

- **A presidenta do Parlamento recibiu unha representación dos organizadores e participantes na *Campaña Mundial pola Educación 2013* en Galicia, os cales lle entregaron un manifesto que será trasladado aos grupos parlamentarios**
- **Rojo Noguera reivindica a educación dos máis novos como vía para articular unha sociedade universal máis xusta e equitativa**

**Santiago, 23 de maio de 2013.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, afirmou hoxe que “sen educación, e nisto creo que todos coincidimos, non hai futuro posible”. Foi no transcurso dunha reunión celebrada no Pazo do Hórreo cunha representación dos organizadores e participantes na *Campaña Mundial pola Educación 2013* en Galicia, os cales lle fixeron entrega dun manifesto que a presidenta do Parlamento se comprometeu a trasladar aos grupos parlamentarios.

Pilar Rojo agradeceu que os organizadores da iniciativa escolleran este ano o Parlamento de Galicia como “interlocutor e receptor das demandas” da *Campaña Mundial pola Educación*. E insistiu en que “nada de canto sucede ao noso redor resulta alleo ao Parlamento de Galicia”.

Ao seu xuízo, “a educación é o mellor medio para garantir a igualdade; é o único que permite que todos os nenos e nenas poidan ter acceso ás mesmas oportunidades na vida”.



## **Sociedade máis xusta e equitativa**

A presidenta da Cámara felicitou aos impulsores e participantes nesta campaña por defender “unha sociedade universal máis xusta e equitativa, centrando a atención no máis esencial para o desenvolvemento de calquera pobo: a educación dos máis novos”.

Con todo, a xefa do legislativo galego recordou que “atavesamos momentos complicados” que obrigan a “facer máis con menos” e “a todos se nos pide esforzo e eficiencia”.

## **Impulsores**

A Coalición Galega da *Campaña Mundial pola Educación* está formada por *Axuda en Acción*, *Educación Sen Fronteiras*, *Entreculturas*, *InteRed*, e *Seminario Galego de Educación para a Paz*. Desde o ano 2004 máis de trescentos centros educativos galegos teñen colaborado coa *Campaña Mundial pola Educación en Galicia*, segundo datos da propia organización.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.